

Agustín Agra: "Aínda que había mulleres na ciencia, moitas veces non aparecen ou só se nomea o apelido"

O escritor Agustín Agra (Noia, 1966) é o autor de 'O libro das contrárias', galardoado no XXVI Certame de Narración Curta Ánxel Fole -promovido polo Concello de Lugo- e que recolle as voces e olladas das mulleres no ámbito científico.

Laura Veiga

9 de abril de 2024

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/agustin-agra-ainda-que-habia-mulleres-ciencia-moitas-veces-non-aparecen-so-nomea-apelido/20240409081816195049.html>

—Por que quixo escribir unha historia así?

En primeiro lugar, eu dou clase de bioloxía, polo que a ciencia e a natureza sempre están na miña cabeza. Tamén intento reflexionar en clase, dentro do posíbel, o papel das mulleres no mundo científico. Por outra parte, en 2020 publiquei *Silencio* (Galaxia), onde nun dos relatos hai un triángulo amoroso entre tres mulleres que estudaron xuntas. Durante o confinamento estiven facendo a corrección e neste proceso atopeime cunha serie de problemas que tiña ese relato e que houbo que solucionar. Isto levoume a escribir unha continuación, que é este libro.

—Como se relacionan ambas as historias?

Temos un triángulo amoroso no que unha das mulleres desaparece, non sabemos por que: faise as súas preguntas e o que lle pide o corpo é a desaparición; entra nun parque nacional e non se volve saber nada dela. Entón, a segunda das mulleres fala desa desaparición e da relación que tiñan entre elas. E a terceira muller non responde. Ese era o relato presente en *Silencio*, contado a través dunha única voz.

Este libro sería a contestación da terceira muller á segunda despois de entrar nunha exposición fotográfica situada en Lisboa que a leva a atopar a resposta. Chega á conclusión de que esa exposición é da muller que desapareceu e fai como unha secuencia de maneira que explica o motivo da súa desaparición. É como se nesa serie fotográfica estivese dando unha resposta a ela en concreto, á muller que a está mirando. Até certo punto dá a sensación de que pode ser unha narración epistolar, pero vai máis aló. Esta muller ve a exposición, chega ao hotel e comeza a reflexionar. Efectivamente está comunicándose coa outra persoa, mais nunca queda claro se está escribindo ou se é unha comunicación oral. En teoría, se falamos dun premio literario, non debería haber referencias a un libro anterior, mais neste caso trátase de obras que poden lerse de maneira independente, aínda sabendo que existe este contexto.

—Un dos aspectos que salientou o xurado foi a documentación presente ao longo do texto.

Cando escribo é como se pintase. Escribo capa sobre capa, vou pulindo. Aínda que sexan textos relativamente pequenos, lévanme moito tempo precisamente por este motivo. Estudei hai 35 anos e parte da temática de lectura de todos estes anos volve ser a mesma: ciencia, historia da ciencia, mulleres na ciencia... Hai unha insistencia na miña cabeza en estar sempre arredor destas temáticas, polo que si hai unha documentación elaborada, mais realmente non é de agora. Desde logo agradezo moito a valoración de Mariña Pérez, Fabio Rivas e María Reimóndez como xurado.

As mulleres son, aproximadamente, a metade da poboación mundial, mais se colles calquera libro de ciencia a cantidade de mulleres que aparece é insignificante. É difícil determinar se había mulleres en determinados ámbitos, mais en moitas ocasións, aínda que as había, non aparecen ou só aparece un apelido, de maneira que non hai referencias.

En *Silencio* temos o relato relacionado con *O libro das contrárias*, mais tamén hai outros dous relatos protagonizados por mulleres, o cal é difícil de atopar cando miramos a historia da ciencia. A min gústame falar da muller de Lavoisier (Marie), que até é mencionada e recollida así, co nome do home, cando o protagonismo pode ser similar.